



Inventario da flora dos Humidais

As Gándaras de Budiño



INDICE

1. Árbores	4
Alnus glutinosa.....	5
Betula celtiberica.....	6
Crataegus monogyna.....	7
2. Fentos	8
Athyrium filix-femina.....	9
Osmunda regalis.....	10
3. Enredadeiras	11
Calystegia sepium.....	12
4. Forraxeiras	13
Agrostis capillaris.....	14
Agrostis curtisii.....	15
Agrostis juressi.....	16
Agrostis stolonifera.....	17
Anthoxanthum odoratum.....	18
Antinoria agrostidea.....	19
Carex durieui.....	20
Carex ovalis ou Carex leporina.....	21
Carex paniculata.....	22
Carex remota.....	23
Danthonia decumbens.....	24
Glyceria fluitans.....	25
Leersia oryzoides.....	26
Molinia caerulea.....	27
Ph.....	27
Phragmites australis.....	28
5. Xuncos	29
Eleocharis palustris.....	30
Eriophorum angustifolium.....	31
Juncus heterophyllus.....	32
Scirpus fluitans ou Isolepis fluitans.....	33

Scirpus lacustris	34
Rhynchospora spp.....	35
6. Demais especies vexetais.....	36
Adenocarpus complicatus	37
Alisma plantago-aquatica.....	38
Anagallis tenella	39
Anthemis nobilis	40
Apium nodiflorum	41
Arenaria montana.....	42
Arnica montana.....	43
Baldellia ranunculoides.....	44
Bidens tripartita	45
Bidenti-Polygonum hydropiper	46
Callitriche stagnalis.....	47
Calluna vulgaris	48
Cardamine pratensis.....	49
Carum verticillatum	50
Cistus psilosepalus	51
Cytisus scoparius.....	52
Cytisus striatus	53
Daboecia cantabrica.....	54
Drosera intermedia	55
Epilobium parviflorum	56
Erica ciliaris	57
Erica cinerea	58
Erica tetralix	59
Galium palustre.....	60
Hydrocotyle vulgaris	61
Hypericum elodes.....	62
Iris pseudacorus	63
Lemna minor	64
Lycopus europaeus.....	65
Lysimachia vulgaris	66

Lythrum portula.....	67
Lythrum salicaria	68
Ludwigia palustris	69
Myriophyllum alterniflorum	70
Nymphaea alba.....	71
Potamogeton natans.....	72
Potamogeton polygonifolius	73
Pterospartum tridentatum.....	74
Ranunculus flammula.....	75
Ranunculus ololeucos.....	76
Rorippa nasturtium-aquaticum	77
Simethis mattiazzi	78
Sparganium erectum.....	79
Sphagnum spp.....	80
Succisa pinnatifida	81
Typha latifolia.....	82
Ulex micranthus	83
Utricularia australis	84
Utricularia vulgaris.....	85
Veronica beccabunga.....	86
7. Especie Invasoras.....	87
Cortaderia selloana (Herba da Pampa).....	88
Cyperus eragrostis	89
Eucalyptus globulus.....	90

1. Árbores

Alnus glutinosa (Ameneiro/Amieiro)



Árbore de tamaño mediado que vive nas marxes de ríos e ribeiras, en zonas inundadas ou ladeiras húmidas con raíces pouco profundas pero moi ramificadas. Carece de raíz principal. A forma da súa copa é regular no caso dos adultos e en forma de pirámide no caso dos novos. O seu tronco é recto cunha cortiza lisa grisácea ou parda. As follas son caducas, simples e alternas coas súas marxes dobreamente dentadas. As súas máis novas son pegañosas e aparecen en Abril ou Maio.

Florece entre Febreiro e Abril.

A madeira é branca e lixeira, pero resiste ben a auga e non apodrece, empregándose para muíños, pontes, etc. É unha especie de gran importancia ecolóxica pola acción antierosiva das súas raíces ao reter o solo nas cheas dos ríos, así como por formar simbiose cos fungos e fixar nitróxeno atmosférico. A súa codia ten propiedades astrinxentes pola concentración de taninos, así como antirreumáticas.

Betula celtiberica (Bidueiro)



Árbore de folla caduca que crece en zonas húmidas como turbeiras, bosques ou beiras dos ríos. Presenta unha cortiza grisácea e con poucas ramas horizontais. As follas teñen forma redondeada e as flores masculinas son precoces, caducas e colgantes, mentres que as flores femia, son cilíndricas ou ovaladas e aparecen de tres en tres.

Florece de Abril a Maio.

Abondoso en todo o interior, faise mais raro na beiramar, e francamente escaso na zona mediterránea de Galicia.

Crataegus monogyna (Escambrón/Estripeiro)



Árbore ou arbusto que crece en matorrais, bosques e beiras de ríos que ten a cortiza do tronco e ramas de cor verde oliva e faise gris escuro co paso do tempo. As follas son simples, caducas, aserradas e alternas. As súas flores teñen cinco pétalos de cor brancos e forma ovalada. Cada unha das flores contén estames de anteras rosas ou púrpuras. O froito é cilíndrico e de cor vermello.

Florece en claros de bosques e sebes especialmente, en Marzo a Xuño.

Empregado para patrón de enxertos de pereiras e maceiras e tamén en medicina como cardiotónico e sedante do sistema nervioso.

2. Fentos

Athyrium filix-femina (Fento femia)



Fento que crece en formacións forestais con humidade e sombra permanente. Sitúase no Hemisferio Norte, nos climas máis temperados desta zona. As follas son longas e vanse estreitando a medida que chegan ó extremo superior. Estas follas son de cor amarelo claro ou verde. Os esporanxios atópanse no envés das mesmas agrupados nos soros e recubertos por unha fina película que é o indusio.

Esporulación de Maio a Setembro. Precisa un ambiente húmido e un substrato rico en humus, con auga permanente, polo que o podemos atopar en bosques húmidos e sombrizos (en especial nas galerías de ríos) de toda Galicia.


Osmunda regalis (Fento real)



Fento fácil de recoñecer pola súa clara diferenciación co restante dos exemplares destas latitudes. Aparece nas beiras de ríos, arrosios e zonas húmidas en xeral desenvolvidas sobre solos ácidos. Ten rizomas grosos horizontais, leñosos, cubertos polos restos secos dos pecíolos. Os esporanxios aparecen pola parte superior das súas follas. As esporas son verdosas ao ter clorofila.

Esporula de Marzo a Setembro

3. Enredadeiras



Calystegia sepium (Corregola/Herba roqueira)




Planta con talos gabeadores que se enrolan acadando 5 m. e conteñen un látex branco que emiten ao rompelo. Crece en zonas herbosas nas beiras de ríos, arrosios, cunetas escombreiraas ou marxas de cultivos. Flores solitarias de cor branca, rara vez rosada en forma de campá ou funil de 30-50mm. Froito en cápsula de 7-12mm.

Florece de Xuño a Setembro.

Esta planta comunmente emprégase para a cura de feridas ou para infusións. A raíz evita as doenzas da vista.

4. Forraxeiras



Agrostis capillaris (Herba fina)



Planta perenne con talos ascendentes ou xeniculados e follas mais ou menos planas presente sobre todo en chans frescos como pastos, matorrais, bosques ou landas. Panícula oval-lanceolada de cor verdosa a púrpura. En cada folla atópanse diversas espiguillas duns 4 mm.

Agrostis curtisii (Pelo de lobo)



Planta perenne, mais ou menos cespitosa sen estolóns e con talos finos que crece en pastos, brezais e bosques. Follas estreitas . As flores reúnense en ramas curtas e erectas de tipo panícula. Ademais, cada flor consta de 1-3 estames e con anteras de 2 mm.

Florece de Xuño a Xullo que aparece tamén en breixos. É unha das especies pioneiras tras as queimas dos montes.

Agrostis juressi



Planta anual, con talos erectos e lisos que crece en lugares encharcados nas beiras de ríos, arroyos, turbeiras ou prados. Follas planas escábricas só nas beira e con lígulas truncadas. Inflorescencia en panícula densa.

Especie considerada vulnerábel no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Florece de Maio a Xullo.

Agrostis stolonifera (Heno gris)



Planta perenne e cespitosa con crecemento baixo e rastreiro e con sementes pequenas. Tolera ben as baixas temperaturas, vese afectada polas altas e non tolera o uso intenso ou pisoteo. Follas variables, planas a filiformes (mesmo punzantes).

En Galicia diferéncianse dúas variedades: o ecotipo costeiro con follas punzantes e mais o de pradeiras do interior con follas anchas.

É empregada nos campos de golf para a creación de céspede, zonas de ocio e recreo, etc.

Anthoxanthum odoratum (Lesta/Herba de San Vicente/Herba de Santa María)



Planta perenne, cespitosa e con talos únicos que crece en prados frescos con cheiro característico. As follas son aplanadas e lisas. A súa inflorescencia é en forma de espiga, que están comprimidas lateralmente. Ten unha única flor fértil e ten unha lígula bastante longa e aguda de cor púrpura.

Florece de Abril a Xullo.

Cultívase tamén como forraxe. O nome específico fai referencia ao cheiro a cumarinas que libera a planta cando se corta (cheiro a herba acabada de cortar).

Antinoria agrostidea



Planta herbácea anual con talos finos procumbentes e arraigantes nos nós que habita en charcas e augas con poucos nutrientes. Inflorescencia en panícula laxa de poliñas patentes.

Florece de Xuño a Agosto en prados húmidos, beiras de ríos de pouco andas e augas estancadas de toda Galicia.

Carex durieui



Planta cespitosa que crece en zonas turbosas e prados moi húmidos formados en solos ácidos que presenta talos fértiles, lisos e delgados. As súas follas son corta, ásperas e enroladas de cor pardo. As flores son de tipo espiga e son de cor púrpura

Florece de Marzo a Maio.

É endémica de Asturias, Galicia e norte de Portugal.

Carex ovalis ou *Carex leporina*



Planta herbácea e cespitosa que crece en prados húmidos e marxes de turbeiras. Presenta talos erectos e arqueados, con follas curtas, ásperas, non moi ríxidas, lineares, planas e de cor pardo escuro. As súas flores teñen inflorescencia de tipo espiga e con forma ovoideas.

Florece de Abril a Xullo.

Carex paniculata



Planta que forma densas moutas e que se atopa en solos areosos e arxilosos, así como en solos húmidos ou empapados (praderías ou bosques húmidos). As súas flores son de cor amarelo pálido, marrón ou branco. As súas follas son de cor verde escuro con bordes enrolados cara arriba e coas marxes dentadas.

Florece de Maio a Xullo.

Emprégase para crear entorno arborado coa finalidade estética.

Carex remota



Planta que presenta talos longos, lisos e fértiles. As súas follas son largas, planas e co borde áspero. As flores son con inflorescencia de tipo espiga.

Florece de Maio a Xuño en lugares sombrizos, como carballeiras e ameneirais de todo o interior de Galicia.

Danthonia decumbens



Planta herbácea que se atopa en breixos, toxeirás e solos encharcados ou semiencharcados próximos a correntes de auga. Presenta follas normalmente planas e abundantes na súa base en comparación co resto. As súas flores son ovadas e verdosas e polos marxes ten unha cor violeta.

Florece de Xuño a Agosto.

Glyceria fluitans (Esteba)



Planta acuática, con raíces flotantes ou somerxidas nos bordes. Os seus talos son ocos e aplanados. As follas verdes azuladas, planas, raiadas e con bordes ásperos. As flores son verdosas e con dentes finos. E o seu froito é duro, similar ao gran do trigo de 3 mm de lonxitude e 1,5 mm de ancho, comestible.

Florece de Maio a Agosto.

Leersia oryzoides (arroz cutgrass)



Planta terrestre característica de áreas, pantanos, beiras de ríos ou lagoas con talos verde-amarelo, cilíndricos e ocos. Pertence ás gramíneas. As marxes das follas son moi ásperas con pequenos dentes de serra. Cada unha de estas follas remata nunha espiga onde se atopa a semente, que se moverá por acción do vento.

Emprégase sobre todo para o control e restauración dos humidais.

Florece Xullo-Setembro.

Molinia caerulea (Molinea)



Planta cespitosa que medra nas zonas turbosas, brañas, arroios e zonas hidrófilas en xeral. Os talos son erectos e ríxidos. As follas son planas e vanse estreitando a medida que chegamos ao ápice. As súas flores son teñen unha inflorescencia de tipo panícula compacta e con ramas cortas.

Phragmites australis (Carrizo/Canaveira)



Planta terrestre de gran tamaño, perenne e situada en marismas, lagoas e proximidades de ríos formando densas poboacións. Presentan un talo non ramificado con follas verde-grisáceas e aplanadas, que se estreitan progresivamente cara el un largo ápice. A inflorescencia é unha panícula laxa de 20-30 cm. Presenta espiguillas comprimidas lateralmente con 2-10 flores, a maioría hermafroditas pero as inferiores masculinas ou estériles con anteras de ata 2 mm de lonxitude.


Esta especie tamén se pode atopar en canaverais e espadanaís de augas mais ou menos profundas, propias de marxes de lagoas ou curso de augas lentas. Ademais, esta planta crece a plena luz aínda que tamén soporta a sombra. Tamén adoita presentar comportamentos invasivos.

Adóitase empregar para a construción de teitos, forraxe para gando, vasoiras, decoración, obtención de celulosa, etc.

A raíz, crúa ou cociñada, semella ás patacas xa que contén un 5% de azucre e o seu aroma e textura son mellores cando aínda está en período de crecemento. Os brotes novos se empregan antes de que aparezan as follas e se usan da mesma forma que o bambú.

Florece entre Abril e Novembro.

5. Xuncos



Eleocharis palustris (Xunco palustri /Eleocarís)



Especie acuática, semisomexida en zonas temporalmente inundadas ou nas beiras de lagoas. Os seus talos son rectos ou curvados, estriados cando secan e en numerosas ocasións estrangulados na base da espiguilla, aparentemente ocos ao estar recheos de parénquima. Presenta pequenas follas e as súas flores están agrupadas nunha espiguilla de cor pardo-vermello ou marrón e cun contorno ovado a lanceolado. Ten os estames e anteras de cor amarelo-laranxa e o estilo de cor vermello.

O froito é de tipo aquenio, liso e de cor amarelento ou dourado, rara vez de marrón.

Florece de Marzo a Novembro.

***Eriophorum angustifolium* (Xunca de algodón)**



Planta perenne que aparece en turbeiras, brañas e bordes de mananciais. As súas follas son en forma de canle e estreitas. As flores son hermafroditas, solitarias, compactas e erectas. O perianto ten numerosas sedas de cor branco que se alargan tras a floración. O froito é unha noz comprimida, de cor pardo-vermella.

Florece de Marzo a Abril, e ata Xuño quedan froitos na planta.

Juncus heterophyllus (Xunco flotante)



Planta acuática que vive en solos húmidos, nas charcas de pouco fondo ou regatos de escasa corrente. Presentan follas de dous tipos: As inferiores, que aparecen mergulladas, e as superiores, grosas, tubulosas, coa medula descontinua (é dicir, follas nodosas) que se nota ao premer as follas cos dedos.

Florece de Abril a Agosto.

Scirpus fluitans ou *Isolepis fluitans*



Planta perenne que crece en humedais, charcas, arrosios e chans húmidos. Talos redondeados, estriados, aboiantes ou mergullados, que acadan os 60 cm. Presenta inflorescencia de tipo espícula ovoidea terminal sobre un pedúnculo de ata 10 cm. que nace na axila das follas. Trátase de plantas sempre verdes e que entón manteñen as follas por todo o ano.

A miúdo vemos toda a planta mergullada, sobresaíndo só os pedúnculos florecidos. Comunmente emprégase para combater a erosión do chan e como medicina herbal.

Florece de Maio a Agosto.

Scirpus lacustris (Xunco de auga)



Planta herbácea de terreos húmidos e areosos con talos longos de ata 120 cm. de altura, flexibles, duros e puntiagudos que adoita darse en lugares pretos a lagoas. Presentan flores moi pequenas pardo-vermellas case nas extremidades dos talos.

Soporta xeadas fortes, polo que no inverno diminúe o seu crecemento, incluso pode que perda a súa follaxe, pero na primavera rebrotará. Ten espiguillas de 3 a 10 mm., en grupos dispostos en umbelas de radios desiguais.

En solos encharcados e húmidos de Galicia, esta especie florece de Maio a Decembro. Este xunco está desaparecendo en Galicia debido a que tamén está desaparecendo o seu lugar hábitat: os humidais.

Debido á flexibilidade dos seus talos, éstos empréganse como substitutivos das cordas. Por isto, comunmente úsanse a modo de vimbios para fabricar cestos ou esteiras. Os talos novos cómense en algúns lugares dado o seu sabor doce. Sen embargo, sería preciso absterse desta práctica, dado que en estado novo é doado confundir esta especie con diversas especies de xuncus, plantas altamente tóxicas.


Rhynchospora spp



Plantas herbáceas, cespitosas que presentan talos simples. As súas follas son basais ou en forma de canle. As flores hermafroditas agrúpanse na parte terminal dos talos en forma de panícula ou de corimbo. Son redondeadas e algo comprimidas. O froito é lenticular e pode ser liso ou rugoso.

Florece de Maio a Xullo.

6. Demais especies vexetais



Adenocarpus complicatus (Codeso/Piorno)



Arbusto erecto de cor verde escuro que vive en terreos deforestados, baldíos, cunetas ou taludes con talos moi estriados. As súas flores son de tipo racimo de cor amarela máis ou menos intensa. O seu froito pode ser imberbe ou peloso con 3-8 sementes no seu interior.

Florece de Abril a Xullo que tamén aparece nas beiras de leiras e lugares nos que a carballeira tenta de recuperarse da Galicia interior.

Alisma plantago-aquatica (Chantaxe de auga)



Planta perenne, erecta e acuática de ata 150 cm de altura. Presenta todas as follas na base, ovaladas ou lanceoladas e agudas no ápice. As flores teñen pétalos brancos ou rosáceos. E os seu froito adoita ser de 2- mm.

Comunmente aparece nas beiras de charcas e augas estancadas de todo o país. Se as follas están por debaixo do nivel da auga pódense facer lineares.

Tanto follas como raíz son antibacterianas, diuréticas e hipotensivas, polo que se empregan no tratamento de doenzas como cistitis ou cálculos renais. Tamén se empregaron no tratamento de lepra e queimaduras e inflamacións. Ademais, as sementes son astrinxentes e úsanse en coidados de sangrados, aínda que se di que provocan a esterilidade.

Florece de Xuño a Agosto.

Anagallis tenella (Herba da rabia)



Planta perenne, deitada e arraigante que crece en zonas húmidas, arroyos, turbeiras e zonas encharcadas. Follas case circulares, enteiras e opostas. As súas flores son de cor branco ou rosado con cinco estames no seu interior coa base dilatada e pelosa.

Florece de Maio a Xullo.

Dicíase desta herba que curaba a rabia.

Anthemis nobilis (Manzanilla)



Planta herbácea que se caracteriza por ter os talos moi ramificados. Presentan unhas formas moi irregulares, recortadas en finos segmentos. Esta planta aparece en densas matas, con follas sensibles e alternas. Presenta flores amarelas de forma tubular rodeadas de outras de cor branco que aparecen nos extremos terminais dos talos, atraendo así aos insectos.

Florece entre Maio e Agosto.

Esta planta ten propiedades antiulcerosas e antiácidas. Por isto, pódese empregar para infusións.

Apium nodiflorum (Brizo/Labaza)



Planta acuática ou semiacuática que crece en acequias, remansos ou en marxes dos cursos de auga. Presenta talos ascendentes e ocos. As follas teñen marxes serradas. As flores son de tipo umbela e de cor branco. Planta comestible e con propiedades excitantes, remineralizantes, vitamínicas e diuréticas.

Florece de Maio a Setembro.

Presenta certo grao de toxicidade, polo que o seu uso está moi restrinxido. Como medicinal empregouse para a dor de moas. Tamén se pode usar como alimento para os paxaros ou para infusións.

***Arenaria montana* (Arenaria)**



Planta perenne e cespitosa que vive en carballeiras aclaradas, piñeirais, pedregais, en especial sobre chans ácidos. As súas follas son ovaladas, planas e con nervio pouco prominente. As flores están agrupadas en inflorescencias de tipo cima con cinco pétalos brancos e pelosos.

Florece de Maio a Agosto.

Arnica montana (Herba da papeira/Herba cheirenta)



Planta herbácea e vivaz que presenta talos erectos, ramificados e altos. As súas follas son simples e opostas. As flores son alternas, lineais e tubulares de cor amarelo.

En Galicia aparece nas brañas e prados enchoupados das zonas baixas.

Florece de Maio a Xullo.

Ten propiedades beneficiosas para a pel e é unha planta moi empregada como vulneraria.

Baldellia ranunculoides



Planta acuática que vive enraizada aos sedimentos de charcas e torrentes. Presentan flores con tres pétalos rosados e delicados. Tamaño pequeno (5-15 cm), erecta, de talo curto e pecíolo longo.

Atopámola nas beiras de brañas, regatos e lameiros encharcados.

Florece de Maio a Outubro

Bidens tripartita (Cáñamo acuático)



Planta anual que habita nas beiras de arrosios, brañas e zonas inundadas que presenta follas alongadas, redondeadas, opostas, con marxes enteiras ou dentadas e de cor verde.

Esta especie ten propiedades antisépticas, purgantes (raíz), diuréticas, sedante, narcótico ou para tinguir fío antigamente.

Florece de Agosto a Outubro.

Bidenti-Polygonum hydropiper (Persicaria picante/Pementa de auga)



Planta acuática e herbácea que crece nos cursos lentos de auga ou en solos húmidos. Presenta talos máis ou menos ramificados e erectos de cor vermellos. As súas folas son redondeadas e cun sabor picante característico. As flores teñen inflorescencia de tipo espiga con unha cor rosada ou branca-verdosa.

Florece de Xuño a Outubro.

As follas teñen sabor picante, que xustifica os seus nomes populares. Pode ser empregada como especia. E tamén en medicina, como antihemorráxica.

Callitriche stagnalis (Berrillo/Herba lameiriña)



Planta acuática ou terrestre con talos delgados que chegan a superficie e fan que as follas floten. As follas son opostas e anchas, as mergulladas son estreitamente elípticas, mentres as superiores poden formar unha mouta. As súas flores son solitarias cunha flor masculina e outra feminina na mesma axila, non doadas de ver.

Florece de Abril a Outubro, sendo común en charcas lamacentas ou beiras de regatos de todo o país.

Calluna vulgaris (Quiroga)



Planta arbustiva moi ramificada que vive sobre bosques, pastizais ou matorrais. Presenta talos adultos de cor vermella, redondeados e que conservan as follas. Éstas, teñen catro pétalos soldados na base e aparecen solitarias nas axilas das follas e teñen as marxes vermellas, parecendo incluso flores rosadas.

Florece de Setembro a Novembro, sendo un dos principais compoñentes do monte baixo. Usada en tempos como diurética e por ser planta tintureira.

Cardamine pratensis (Agrón de prado)



Planta perenne de fácil identificación que aparece en lugares como prados, lameiros ou rara vez en marismas e turbeiras. As follas forman unha roseta non moi densa, pero de gran tamaño. As flores aparecen en racimos terminais que poden variar na coloración entre branco e violáceo.

Florece de Marzo a Xullo.

Carum verticillatum (Carbea/Comiño dos prados)



Especie perenne e herbácea que crece en pastos hidrófilos, brañas e beiras de regatos que se caracteriza por ter talos erectos e pouco ramificados. As flores teñen unha inflorescencia de tipo umbela lineal con pétalos brancos e son hermafroditas. Froito con costelas ben marcadas.

Florece de Xuño a Setembro.

***Cistus psilosepalus* (Carpaza)**



Planta arbustiva e leñosa que forma parte do sotobosque. As flores son hermafroditas, regulares e con cinco pétalos grandes. Presenta gran cantidade de estames, que producen moito polen e polo tanto atrae ás abellas.

Florece de Maio a Xuño en chans ácido, sendo máis abondoso a baixas altitudes.

Este tipo de especies empréganse para a recuperación de solos, especialmente tras os incendios forestais. Ademais, a súa madeira é empregada para a fabricación de pequenas ferramentas ou pezas que sufrirán gran rozamento.

Cytisus scoparius (Xesta negra)



Arbusto ramallento que crece nas marxes de camiños, cultivos abandonados ou bosques, cuxa ramas teñen cinco costelas marcadas en forma de V invertida. As follas non presentan pelo pola cara superior e son pelosas polo envés. As súas flores son solitarias ou xerminadas e fórmanse nas axilas das follas. A corola é amarela con varios estames no seu interior. O froito é unha legume con pelos polos bordos e no seu interior hai 13 sementes algo planas.

Florece de Febreiro a Xuño.

Emprégase para facer vasoiras, e din que os seus ramallos escorrentan as bruxas.

Cytisus striatus (Escobón)



Especie arbustiva e ramallento con talos rectos e erectos. As súas follas poden ser trifoliadas ou simples. As flores son solitarias ou xerminadas e con ou sen pelos. A corola son de cor amarelo pálido que pode chegar a medir 3 metros, con e con follas solitarias de cores pálidos.

Florece de Marzo a Xuño, en fincas abandonadas, beiras de camiños e claros de carballeiras das zonas baixas de Galicia. Endémica da metade oeste da Península Ibérica e norte de Marrocos.

Daboecia cantabrica (Queiroga maior)



Pequeno arbusto que aparece en bosques e zonas rochosas. Presenta ramas erguidas. As follas son alternas, pecioladas enteiras e pequenas cunha cor verde na parte superior e de cor branco no envés. As flores teñen catro pétalos soldados de cor púrpura, que tras a floración caen.

Florece de Xuño a Outubro en toda Galicia.

Drosera intermedia (Rorella/Orballiña)



Planta insectívora que aparece nas turbeiras e zonas inundadas bastante chamativa pola súa forma de vida. É unha planta pequena, solitaria con tódalas súas follas basais e horizontais. As follas son características por ter uns pelos que xeran un líquido pegañoso para atrapar insectos. As flores son regulares e teñen catro sépalos unidos na parte basal e de cor verdoso, mentres os pétalos son libres e brancos.

Florece de Xuño a Agosto.

Esta especie parece ter tendencia a ocupar zonas máis baixas que a *Drosera rotundifolia*, aínda que non sexa raro velas xuntas. Ambas empréganse en medicina para xaropes contra a tose, en especial para os máis cativos.

***Epilobium parviflorum* (Herba de Santo Antón)**



Planta herbácea que crece en lugares húmidos, fontes e regatos que presenta unhas follas que nacen durante o outono na base dos talos. Talos recubertos de pilosidade con follas opostas inferiormente e as superiores a miúdo alternas.

Inflorescencia de 3-22 flores. Flores agrúpanse en forma de racimo con catro pétalos rosados ou violáceos. Froitos de 45-65 mm.

Actualmente utilízase como planta medicinal.

Florece de Xuño a Setembro.

Erica ciliaris (Carroucha/Carrasco)



Planta arbustiva que vive en brañas e matorrais con certo grao de humidade. Os seus talos novos son de cor pardo-vermello con pelos. As follas son ovaladas verdes pola parte superior e brancas cunha franxa verde polo envés. As súas flores aparecen en inflorescencias de tipo racimo. A corola é tubular de cor rosado forte ou púrpura.

Florece de Abril a Setembro.

Erica cinerea (Carpaza/Queiroga)



Especie arbustiva que crece en breixos, carballeiras e case todo tipo de terreos, sendo a carroucha máis abundosa en toda Galicia. Os talos teñen cortiza algo vermella, curtos, brandos e provistos de pelos. As flores teñen unha inflorescencia de tipo panícula (conxunto de racimos) coa corola de cor purpúreo ou rosado.

Florece de Maio a Setembro.

Erica tetralix (Carrasco/Quiroga)



Arbusto de pequeno tamaño que crece en turbeiras, brañas, breixos e piñeirais moi húmidos que se caracteriza pola súa cortiza vermella e unha pilosidade branca. As follas son alargadas cunha forma linear e cunha banda branquecina no envés. As flores teñen unha inflorescencia de tipo umbela con catro pétalos soldados e de cor rosada ou vermella.

Florece de Maio a Outubro.

Galium palustre



Planta que aparece en lugares húmidos como beiras de ríos ou pantanos con talos que se apoian noutras plantas. Presenta follas estreitas e moi ramificadas e as súas flores son brancas en cimas multifloras. Inflorescencia en panícula ampla, laxa, con flores que levan pedicelo de 1-4 mm de diámetro. Froito liso de 2-3 mm.

Florece entre Maio e Agosto.

Hydrocotyle vulgaris (Sombreiriño de auga)



Planta perenne e rastreira que vive en prados húmidos, pastizais, turbeiras, marxes de ríos e brañas. Presenta talos reptantes que arraigan nos nós. Talos dos que xorden 1-3 follas case circulares, peltadas, de 6-45 mm de diámetro, en pecíolos de ata 25 cm.

As súas flores, pouco aparentes, saen dos talos a menor altura cás follas, en umbelas proliferantes que aparentan verticilos de 2-3 mm de diámetro. Froitos de 1,4-2,8 mm de ancho, apenas pedicelados, cordados na base e punteados.

Respecto a súa aplicación, é unha especie pouco estudada, pero sábese que contén unha sustancia amarga que se atopa noutras plantas da mesma familia. De todos modos, considérase sumamente perigosa se se administra sen as debidas precaucións. Só se recomenda o seu emprego por vía externa, como vulneraria. Ten propiedades cicatrizantes, pero comprobouse que son maiores os efectos prexudiciais que os beneficiosos, polo que só debe empregarse por parte de persoal altamente cualificado.

Hypericum elodes (Hipérico da braña)



Especie perenne e rastreira que vive en brañas, beiras de charcas ou augas estancadas de pouco fondo de toda Galicia con talos deitados de ata 30 cm, recubertos de pelosidade griseira, arraigantes non nós, sen pólas estériles, ás, nin liñas laterais. As follas, de 5-20 mm, son orbiculares ou anchamente ovadas.

As flores, poucas, van dispostas en cima aparentemente axilar, con sépalos de 3-4,5 mm, ovalados, beireados de glándulas avermelladas e pétalos de 8-10 mm, amarelos, sen glándulas. Os estames forman 3 feixes que alternan con glándulas bífidias, escamiformes.

Florece de Xuño a Setembro.

Iris pseudacorus (Espadaina amarela)



Planta perenne que se atopa en regos, charcas, lagoas e beiras de correntes de auga das zonas baixas e medias de Galicia. Atópase en augas profundas e crece en zonas moi húmidas.

Presenta un bulbo ovoide que perdura durante o inverno, xa que a parte aérea morre, e está cuberto das bases das follas de anos anteriores. Flores de cor amarelo, cos tépalos internos con pedúnculos máis longos e erectos. Ten ademais, un estame groso e de cor amarelo pálido. Froito en cápsula de 40-80 mm, cilíndrico con bico curto. Sementes de cor castaña escura, que caen logo de abrir o froito.

Tense empregado en medicina o seu rizoma polos seus contidos en taninos como vermífugo e vomitivo, pero é, igual cás follas, velenoso para o gando.

Florece entre Maio e Xullo.

Lemna minor (Lentella de auga)



Pequena planta acuática que recorda a unha lentella, flotante e opaca. Consiste nunha estrutura plana e verde e unha soa raíz delgada de cor branca. O seu tamaño é moi reducido, alcanzando de 2 a 4 mm de lonxitude e 2 mm de ancho. É unha das especies de anxiospermas máis pequenas que existen no reino das plantas.

A forma máis común de reprodución é a asexual por xemación.

Ten utilidade como complemento alimenticio para animais domésticos e en labores de fitorremediación, pola súa capacidade de absorber nutrientes e contaminantes dos ecosistemas acuáticos.

Así mesmo se discute seu potencial como unha especie axeitada para a realización de ensaios de fitotoxicidade.

Florece na superficie da auga e con flores moi pequenas.

Lycopus europaeus (Amenta de Lobo/Bugallón)



Planta herbácea perenne de ata 120 cm que crece en zonas encharcadas, beiras de ríos e lagoas. As follas fanse máis pequenas a medida que ascendemos en altura polo talo. As flores reúnense en inflorescencias de tipo verticilastro, separados e densos, situados na base das follas florais.

Presenta follas ovado-lanceoladas ou elípticas, fundamente dentadas, pinnadas ou pinnatisectas. Verticilos bastante separados entre si e con moitas flores. Cáliz con dentes dobres de longo có tubo, espiñentos. Corola branca, diminutamente punteada de vermello interiormente.

Florece de Xullo e Setembro.

Lysimachia vulgaris (Herba da moeda)



Planta herbácea que crece nas proximidades de fontes, xuncales, carrizais, en xeral, en solos húmidos ou inundados. Ten un talo erecto, con sucos, de cor pardusco, con ramas na súa parte apical e folioso excepto na base, dondo pode haber escamas de ata 10 mm.

As flores reúnense en inflorescencias de tipo panícula terminal de ata 30 cm. cuxo eixe e ramillas son tomentoso-glandulais, provista de brácteas lineares de ata 7 mm. Caracterízanse por ter pequenas raíces que crecen nos lugares sombríos e encharcados. Presenta follas grandes e anchas que producen unha flor amarela con cinco pétalos. Froito de 4 mm.

Florece de Maio a Agosto.

Lythrum portula



Planta rasteira bastante carnosa con talos deitados e pouco ramificada. Follas opostas, espatuladas, carnosas e coa marxe de cor vermella. As flores están solitarias nas axilas das follas. Os pétalos, moi curtos ou inexistentes, son purpúreos.

Florece de Maio a Setembro en prados temporalmente asolagadas e lugares lamacentos.

Lythrum salicaria (Salgueiriño/Salicaria)



Planta semiacuática presente en lugares húmidos ou encharcados con talos pelosos, robustos e non ramificados. Presenta follas opostas e excepcionalmente alternas, de forma linear.

As súas flores aparecen en largas e vistosas inflorescencias con forma de espiga que alcanzan os 40 cm de lonxitude. O cáliz está formado por 6 sépalos, de entre 0.5 e 1 mm de largo e lineais. A corola, a súa vez, ten 6 pétalos libres, de 6 a 10 mm de lonxitude e engurrados de cor violáceo ou púrpura, con anteras violetas e polen de dous tipos: azul, no caso de estames longos e amarelo, para os estames curtos.

Este tipo de especie adoita aparecer en solos moderadamente pobres ou lixeiramente ricos, polo que non están presentes en solos moi fertilizados.

Presenta usos medicinais como antidiabéticos, antidiarreicos, antiinfeciosos gastrointestinais ou coma cicatrizantes. É unha planta empregada para o tratamento de diarreas e disentería, en persoas de calquera idade incluso en lactantes. Toda a planta florecida é un bo antibiótico, sendo valorada como desinfectante intestinal. En aplicacións externas úsase para a limpeza de feridas, eccemas e lavados vaxinais. Así mesmo, as follas cocidas empregáronse como alimento, xa que son ricas en calcio.

Florece entre Xuño e Setembro.

Ludwigia palustris (Verdolaga de auga)



Planta acuática ou semiacuática que crece en sitios húmidos e zonas pantanosas. A cor desta planta varía segundo a cantidade de luz que recibe, sendo verde oliva pola parte superior e cor vermella polo envés.

Follas opostas lanceoladas de pecíolo curto. Flores solitarias que nacen nas axilas das follas que adoitan ter unha cor verde, morada ou vermella. Cando ten ausencia de nutrientes adquire unha cor máis vermella e con exceso de nutrientes toma unha cor verde.

Esta planta é moi empregada para a decoración de acuarios e derivados. Tamén aparece en charcas e beiras de regatos de pouca corrente de toda Galicia.

Florece de Xuño a Agosto.

Myriophyllum alterniflorum (Milenrama de auga)



Planta de augas de ríos con pouca corrente e de charcas e lagoas. Presenta talos mergullados de ata 150cm, con follas que saen en verticilos de 3 ou 4 follas, moi divididas, que lle dan aspecto de folla de abeto. As flores sobresaen da auga en espiga de ata 3 cm, que presenta flores masculinas na parte superior e femininas na inferior. Os pétalos son amarelos, moi pequenos, duns 2mm. Ás veces os pétalos das flores masculinas levan unha liña vermella. Os froitos tamén son moi pequenos. Especie vulnerable.

Reproducción por sementes e, probablemente por fracción do rizoma.

Antigamente utilizábanse para conservar fresca a pesca. A súa presenza serve como indicador de augas limpas.

Florece de Maio a Agosto.

Nymphaea alba (Nenúfar branco)



Planta acuática que vive en estanques, lagos e ríos con corrente lenta. Ten talos somerxidos e con algunhas follas flotantes e talos alongados. Presenta follas flotantes (redondeadas ou con forma de corazón, robustas, verdes escuras e vermellas pola parte inferior) e follas somerxidas (de cor verde claro e translúcido, finas e cas beiras dobradas cara dentro).

As súas flores son brancas (ou rara vez vermellas), moi grandes, de 10 a 20 cm, olorosas, flotantes e con numerosos pétalos patentes (sépalos brancos por encima). Esta planta utilízase para xardíns con zona acuática, xa que precisa de moito sol e con augas de pouco movemento.

As sementes poden empregarse como sucedáneo do café e as flores poden conservarse en salmoira. Os talos subterráneos son usados as veces como alimento no Norte de Europa. Ademais presenta propiedades medicinais como antiafrodisíacas ou calmantes. Antigamente empregábase en conventos e seminarios en forma de infusión como antiafrodisíaca.

Para poder facilitar a multiplicación desta especie vexetal é recomendable dividila e transplantala no outono ou ao principio do verán. Esta operación debe repetirse cada 3 ou 4 anos.

Florece entre Xullo e Agosto.

Potamogeton natans (Espiga de auga)



Planta acuática que se desenvolve en lagos, estanques, lagoas, charcas e ríos con movementos lentos. Ten talos alongados, somerxidos e con algunhas follas flotantes. Presenta dous tipos de follas: as flotantes (redondeadas) e as somerxidas. As follas son lanceoladas e dispóñense horizontais flotando da auga, polo que é unha planta distinguible. Se as follas son anchas indican movemento lento da auga mentres que se son estreitas o movemento é maior.

As súas flores comunmente aparecen en inflorescencias tipo espiga de ata 8 cm, que saen perpendiculares á auga.

Florece en primavera e verán (Xuño-Agosto).

Potamogeton polygonifolius (Espiga de auga)



Planta acuática ou soterrestre que crece en arrosos de augas acedas de turbeiras ou mananciais, con talos alongados e follas flotantes e sumerxidas. As súas flores aparecen en forma de espiga. O seu froito é de cor vermello-pardo cunha semente no seu interior. Perenne, con rizoma reptante do que xorde o talo. Non posúe follas no Outono-Inverno.

Florece en Xuño-Agosto, en augas de pouco andar, ou mesmo enriba dos esfagnos, nas brañas. De certo, a especie máis abundosa do xénero que aparece no país.

***Pterospartum tridentatum* (Carqueixa/ Lavacuncas)**



Planta arbustiva erecta e ramallenta que crece maioritariamente nos matorrais. Os seus talos teñen ramas alternas e curvadas en forma de V invertida. As follas son alternas, unifoliadas e erguidas. As flores conteñen entorno a cinco pétalos de cor amarelo. Froito en legume.

Florece de Abril a Xuño en toda Galicia.

Considérase antitusíxena e sudorífica, ademais de ser empregada como cama para gando e combustible.

Ranunculus flammula (Centella/Flámula)



Planta perenne rasteira de 15-50 cm. que crece nas beiras de prados encharcados, turbeiras, depresións húmidas ou lagoas. Talos ramosos, estriados e erectos con certa pilosidade na zona apical. Follas enteiras coa marxe enteira ou dentada ou ovaladas. Flores solitarias, con cinco pétalos amarelos.

É planta considerada tóxica para o gando

Florece de Marzo a Setembro.

Ranunculus ololeucos



Planta acuática e anual que vive nas beiras dos estanques. Talos delgados e flotantes. As follas poden ser de dous tipos: As *Laminares* que son reniformes, con tres lóbulos fondos, enteiros ou finalmente dentados, o central ás veces tripartido, con pecíolos longos de 20-30 mm que levan na base unha vaíña ancha. As follas *mergulladas* son capiláceas, moi finas, e faltan nas plantas de hábitat seco. Pétalos brancos e sépalos reflexos. Ás veces considérase que as plantas con unlla amarela son unha especie distinta.

Florece en Marzo-Xuño, en lugares enlameirados e augas someras do sur de Galicia, en especial.

Rorippa nasturtium-aquaticum (Berro)



Planta herbácea e acuática que vive nas beiras dos arroios e charcas con talos erectos, ascendentes e ocos. As follas son de cor verde escuro e as súas flores son pequenas e brancas con catro pétalos.

É boa para ensalada, e tense empregado ademais como antiescorbútica (contén vitaminas A e C), e contra as lombrigas. Ten propiedades medicinais (aliviar a bronquites), diuréticas, aportan ferro, iodo e vitaminas. Ademais, son utilizadas como estimulantes. Non se debe tomar xa florecida, nin en moita cantidade.

Florece de Marzo a Setembro.

***Simethis mattiazzi* (Ouropesa)**



Planta perenne que se pode atopar en breixos, piñeirais e claros forestais. Presenta unha base corta e con raíces carnosas. As follas son largas e fibrosas. As súas flores teñen unha inflorescencia de tipo panícula e unha cor branca na parte superior e purpúreas na inferior.

Florece de Maio a Agosto.

Sparganium erectum (Platanaria)



Planta semiterrestre de 50-150 cm de altura que vive en ameneirais e terreos encharcados permanentemente (lagoas, balsas ou remansos de ríos) con talos robustos e erectos dos que saen follas dísticas, longas e de sección triangular, que están aquilladas por baixo.

Na parte superior levan a inflorescencia, de moitos glómérulos esféricos, quedando os femininos por debaixo dos masculinos. Adoitan ter unha cor marrón escura ou negra no ápice. Presentan un froito de fusiformes a obpiramidais ou case esféricos xeralmente con castelas lonxitudinais.

Florece de Xuño a Agosto.

Sphagnum spp (Esfagno)



Plantas terrestres con varias ramificacións que poden ser moi largas. Aparecen comunmente nas turbeiras e tundras húmidas. Os talos presentan varias ramas: polo xeral, dúas ou tres extendidas e de dúas a catro ramas colgantes.

Adoitase empregar este tipo de especie na superficie como *turba de musgo* para proporcionar ao solo unhas mellores condicións.

Os musgos deste xénero poden transmitir a enfermidade *sporotrichosis* producida polas esporas desta especie.

Succisa pinnatifida



Planta herbácea que vive en breixos, xunto con toxos en ambientes de sombra e nas beiras de camiños e estradas. con follas ovaladas. As súas flores teñen catro pétalos case iguais. Presenta flores hermafroditas polinizadas por abellas.

Esta especie rexenérase con rapidez tras os incendios forestais. Actualmente atópase en perigo de extinción no *Catálogo Galego de Especies Ameazadas* e en perigo crítico no *Libro Rojo de la Flora Vascular Amenazada de España*.

Florece de Setembro a Outubro.

Typha latifolia (Espadaina/Palla real)



Planta de ata 2 metros de altura ou máis, robusta, con raíces fibrosas e rizomas e talos erectos. As follas son a maior parte basais, lineais, de semicilíndricas a planas, erectas, de cor verde pálido e de 8 a 20 mm de anchura. As flores están rodeadas por pelos ou escamas con forma de espiga estando a feminina abaixo e a masculina enriba.

Especie botánica que aparece nos bordes de charcas, lagos, carrizais, etc. Crecen en zonas temperadas e subtropicais e tropicais do hemisferio norte. Soporta un incríbel rango de temperaturas; é unha das prantas acuáticas máis resistentes e menos esixentes. Vive cos rizomas sumerxidos e só resiste fóra da auga durante períodos moi breves. Non precisa un solo especialmente rico pero si un auga aireada.

É unha pranta invasora, de crecemento rápido. Multiplicación por división dos rizomas a finais do verán, unha vez as flores se marchitan completamente. Tamén por sementes. Pódese empregar como alimento ou para a confección de cestas, decoración, etc. A flor feminina pódese colleitar e utilizar como repelente de mosquitos ou como adorno.

Florece principalmente no verán.

***Ulex micranthus* (Toxo)**



Un dos toxos máis pequenos que nos atopamos en Galicia. É unha planta arbustiva con ramificación aberta e longos talos que van dende a base. Tanto talos como ramas presentan algúns pelos e espiñas primarias de ata 1 cm alternas, rixidas e repartidas. A corola é de cor amarela ou laranxa. Froito en legume con 1-2 sementes.

Florece de Marzo a Agosto, no sur de Galicia, tendo o seu límite norte coñecido na cidade de Pontevedra. Endemismo de Galicia-norte de Portugal.

Utricularia australis



Planta acuática carnívora, perenne, con tres ou catro talos flotantes de ata 45 cm, que aparecen de forma radial na base do escapo floral. Vive en auga doce ou chans húmidos. Aliméntase de pequenos insectos e presenta dous labios na súa corola de cor amarelo vivo: un superior, enteiro e un inferior, plano e ovalado.

Teñen unhas vesículas ou ampolas que actúan de boca, cando algunha presa (pequenos insectos ou protozoos) tocan estas vesículas péchase e queda atrapado.

Actualmente ameazada. Especie vulnerable.

Reprodución por sementes.

Florece entre Xuño e Agosto.

Utricularia vulgaris (Lentibularia)



Pranta acuática carnívora propia de augas estancas nas que ante o escaso aporte de novas sales minerais ao medio se ve na obriga de desenvolver trampas sumerxidas para a captura de pequenos animais, co que complementa a súa dieta nutritiva parcialmente autotrófica. Aparece en zonas profundas de rios, charcas ou lagoas con augas tranquilas. Follas pequenas e redondeadas de cor verde bronceado. Atrapa tanto pequenos animais como algas e plancto vexetal. O sistema de captura lógrase grazas a unhas vesículas que conteñen vacío no seu interior e que se atopan nas follas subterráneas. Cando un intruso toca os pelos disparadores dunha vesícula, entre a auga e consigo arrastra a éste que será dixerido polas enzimas. Ao remate bombéase a auga fora da vesícula restablecéndose de novo o vacío.

No pasado debeu encontrarse máis extendida, tendo mermado moito as súas poboacións ante a desecación e contaminación dos seus nichos ecolóxicos.

Pódese cultivar en acuarios ou estanques para controlar larvas de mosquitos e outros insectos, axudando nos países subdesenvolvidos a loitar contra enfermidades como a malaria.

Veronica beccabunga (Verónica)




Especie rasteira que se atopa en lugares húmidos, zonas encharcadas, fontes, cunetas e beiras de ríos. As súas follas son grosas, redondas e opostas. As súas flores aparecen agrupadas de tipo racimo con catro pétalos e de cor azul intenso, e a garganta de cor branca.

Esta planta ten propiedades medicinais, depurativas e diuréticas.

Florece de Maio a Setembro.

7. Especies Invasoras



Cortaderia selloana (Herba da Pampa)



Crece nunha masa densa podendo acadar os 3 m de altura. Follas perennes, longas e finas de 1-2 metros de longo e 1cm de ancho, bordes moi afilados. Débese de manipular con coidado. Cor verde azuladas pero poden chegar a ser gris-plateadas.

Flores en densa panícula branca de 3-9 dm de longo e de 2-3 metros as súas varas florais. Espiguillas de 15-25 mm de 4-6 flores. Flores masculinas con 3 estames, e as femeninas con ovario rudimentario e desenvolto en dous estilos plumosos.

Florece de Setembro a Outubro.

Introducida como planta ornamental, e en menor medida como forraxeira. A flor lanuda plumosa é moi utilizada en floristería.

Coas follas obtense celulosa. Planta medicinal como febrífugo-infantil, diurética.

Úsase como adorno en floreros secos ás veces tinguida doutras cores.

As súas follas son usadas en cestería.

Cyperus eragrostis



Planta perenne e herbácea que se atopa nas ribeiras, estradas e pradarías húmidas. É un xunco verde con talos altos e erguidos e con follas puntiagudas. As súas flores atópanse en difíciles espigas redondeadas de cor amarelo verdoso.

Florece de Maio a Setembro.

Procede de América tropical, pero hoxe aparece moi espallada por todo o país.

Eucalyptus globulus (Eucalipto)



Árbore que vive no litoral e zonas baixas e crece de forma espontánea en terreos areosos e arxilosos. Presenta un tronco dereito coa súa cortiza lisa e fibrosa que comeza sendo de cor branca e logo amarela-grisácea ou parda con tonalidades azuis. As follas son opostas e ovaladas. As súas flores teñen unha inflorescencia de tipo umbela que nacen de botóns cuadrangulares. A corola presenta catro pétalos e o froito é unha cápsula leñosa con catro caras.

Florece de Marzo a Outubro.

Esta especie emprégase para facer pasta de papel polo seu rápido crecemento. Ademais, é unha especie pirofítica, a cal arde doadamente.

**En agradecemento pola súa
colaboración na elaboración
deste inventario a:**

Oscar Requejo

Manuel Rey

Carla Pérez

Matías Bas

Marcos Troncoso



Concello de
Salceda
de Caselas